MANUEL QUINTANS QUEIRUGA (1 de 2)
SECRETARIO
Fecha Firma: 12/09/2018
HASH: df154565338 4c5453ddc6503abf8bca3

MANUEL CUIÑA FERNANDEZ (2 de 2)
ALCALDE
Fecha Firma: 12/09/2018
HASH: 3891e3464e016129edfa50527c62b6f9

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 08 DE AGOSTO DE 2018.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS** do día **OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA, JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS.**

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
2º.- EXPTE. 1894/2018. SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.
3º.- DAR CONTA DE TRÁMITES E ACORDOS VARIOS.
4º.- APROBACIÓN BASES DO TRANSPORTE UNIVERSITARIO E AXUDA LIBROS.
5º.- URBANISMO Licencias de Obras, Aperturas e Cambios Titularidade.

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 18 de Xullo de 2018

2º.- EXPTE. 1894/2018. SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.

Visto o Padrón das Taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento, correspondente ó **segundo trimestre de 2018**, ascendendo o mesmo a:

- Total facturación: 127.341,60 €
- Total facturación (s/canon) 109.015,82 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación o citado Padrón estará a disposición do publico durante 15 días dende a publicación do presente anuncio no BOP na Oficina do Servizo Municipal de Augas sita na rúa Alfonso Trabazo, nº 3-1º (Silleda), en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

2º.- Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de

reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

3º.- Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio, produce efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación. O pago poderá efectuarse na entidade colaboradora ABANCA no período voluntario sinalado no recibo.

4º.- Transcorrido o período voluntario de pago establecido de dous meses a partires da súa publicación, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prerna, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

3º.- DAR CONTA DE TRÁMITES E ACORDOS VARIOS.

Dase conta de:

3.1. Rexistro de Entrada 2018-E-RC-3249. DIRECCIÓN GENERAL DE TELECOMUNICACIONES Y TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN. Informe desfavorable o PXOM.

3.2. Repoboación forestal Refoxos –Prantación Eucaliptos- Vicepresidencia. Denuncia.

3.3. Rexistro de Entrada 2018-E-RC-3312 (RECLACIÓN BONIFICACIÓN IBI INSTALACIÓNS AGROGANDEIRAS E FORESTAIS) recibido de CRISTINA OTERO QUINTEIRO.

3.4. Rexistro de Entrada 2018-E-RC-3385 (OBRAS NO CEIP DE SILLEDA) recibido de CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

3.5. Rexistro de Entrada 2018-E-RC-3377 (ACHEGA ORZAMENTO SERVIZO DE CANGURAXE) recibido de MAIS ESCOLA, S.L.

3.6. Rexistro de Entrada 2018-E-RE-87 (QUEIXAS E SUXERENCIAS) recibido de SUBCDAD PROP BLOQUE 1 BARRIO DO CAMPO B-1.

4º.- APROBACIÓN BASES DO TRANSPORTE UNIVERSITARIO E AXUDA LIBROS.

4.1.- Bases de transporte Universitario.

Vista a proposta da concelleira de Bemestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, Mª Pilar Peón Iglesias, que literalmente dí:

"BASES POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2018-19

O Concello de Silleda coñecedor da realidade actual de moitas familias do municipio e consciente da necesidade de garantir a igualdade de acceso ás ensinanzas universitarias, independentemente do lugar onde se resida e co ánimo de minorar o impacto que tales gastos supoñen na economía doméstica, establece as presentes bases que regulan a convocatoria de axudas ao transporte para estudantes universitarios e de ciclos formativos que cursen estudos oficiais nalgún dos Campus e/ou Institucións da nosa Comunidade Autónoma.

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto das presentes Bases é a concesión de axudas para reducir os gastos dos alumnos e alumnas empadroados/as, polo menos un ano antes da publicación destas bases, no Concello de Silleda que cursen estudos universitarios ou ciclos formativos oficiais na nosa Comunidade Autónoma.

SEGUNDA:-

O procedemento para a concesión das axudas ao transporte universitario para o curso escolar 2018-19, rexerase polo disposto nas presentes bases e no que non estea previsto nestas estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da referida Lei, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa vixente de xeral aplicación.

TERCEIRA: Importe máximo da axuda

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase un crédito na aplicación orzamentaria 326-48 cunha contía de 20.000 euros, este importe poderá verse incrementado no caso de que non se esgote a antedita partida dos vixentes orzamentos do Concello de Silleda.

O importe máximo da subvención por beneficiario será de 450€.

CUARTA.- Beneficiarios/as das axudas

Serán beneficiarios/as aquelas persoas que cumpran os requisitos seguintes:
1.- Estudantes residentes e empadroados/as no municipio de Silleda, polo menos un ano antes da publicación destas bases, que cursen estudos universitarios ou ciclos formativos oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Renda Familiar
Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 euros. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no punto seguinte.

4.- Cálculo da renda familiar. Obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obtiveran ingresos de calquera natureza de conformidade coa normativa que regula o imposto sobre a renda das persoas físicas.

Son membros computables da familia:
- a/o solicitante
- a nai e o pai
-os irmáns solteiros e menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2017 ou de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade
- os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.
- En caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante, salvo no caso de custodia compartida. Terá tamén a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, así as súas rendas incluiranse no cómputo da renda familiar.

Os membros da unidade familiar que presentaran declaración do imposto sobre a renda de 2017, a efectos de cálculo da renda per cápita familiar sumaranse a base impoñible xeral e base impoñible de aforro e o resultado dividirase entre os membros da unidade familiar

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

Para a concesión desta axuda, e sempre que o órgano competente para a súa adxudicación o estime, poderanse valorar as circunstancias de necesidade, xustificadas co preceptivo informe dos Servizos Sociais Municipais.

QUINTA.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes para participar na convocatoria presentaranse nun prazo 15 días a contar desde o día seguinte ao da publicación das presentes bases, a través do modelo Anexo I xunto coa documentación complementaria esixida na base sexta, no Rexistro Xeral do Concello de Silleda, en horario de luns a venres de 09:00 a 14:00

SEXTA.- Anexo I, e documentación obrigatoria.

Os solicitantes deben presentar a súa instancia segundo modelo normalizado, á cal deberán achegar cos seguintes documentos:

1º.- Fotocopia do DNI do solicitante.

2º.- Fotocopia da matrícula do curso escolar en curso ou na súa falta certificado acreditativo expedido pola secretaría do centro.

Tratándose de alumnos que van matricularse trala convocatoria de setembro, bastará con que acompañen declaración xurada da súa intención de matricularse, debidamente subscrita polo alumno ou o seu representante legal, sendo necesario que antes do día 15 de decembro presenten fotocopia do resgardo da matrícula. En caso de non remitir o documento antes da referida data considerarase que o interesado desiste da súa solicitude.

3º.- Copia da renda familiar correspondente ao exercicio 2017.

4º.- No caso de non ter presentada a declaración da renda 2017, xustificante dos ingresos netos (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións,…) dos membros computables da unidade familiar

5º.- Certificación bancaria da conta corrente, na que apareza como titular a/o solicitante da axuda ou, no seu caso, do titor legal do mesmo.

6º .- Volante de convivencia, da/o solicitante

SÉTIMA : Resolución e notificación.

A convocatoria estará condicionada á existencia de crédito orzamentario.

Á vista das solicitudes, a documentación presentada e a proposta de resolución, si concorren os requisitos esixidos e ata o límite do crédito existente na liña orzamentaria que corresponda, a Xunta de Goberno Local aprobará a acta provisional, a cal publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda, tanto físico como electrónico na páxina web municipal, concedendo un prazo de 10 días naturais para presentar alegacións.

Examinadas as alegacións no seu caso, formularase a acta definitiva aprobada por Xunta de Goberno Local, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía.
O prazo máximo para resolver será antes do 31 de decembro do antedito curso escolar, aprobado pola Xunta de Goberno Local. Transcorrido o prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimada a solicitude de concesión de axuda, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA TRANSPORTE UNIVERSITARIO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA CURSO 2018-19

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS _____ DNI _____
ENDEREZO _____Nº _____ PISO _____
LOCALIDADE_____
Nº TELÉFONO E CORREO-E _____
CURSO _____
CENTRO _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

□Renda da unidade familiar 2017

□ No caso de non presentar a declaración da renda 2017, xustificante dos ingresos netos das persoas que forman a unidade familiar (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións…)

□Certificación bancaria da conta corrente, na que será titular a/o beneficiaria/o da axuda ou, no seu caso, do titor legal do mesmo.

□Copia matrícula do curso escolar 2018/19 ou na súa falta certificado acreditativo da matrícula

□Copia do DNI do solicitante

□Volante de convivencia

Asdo.:
Silleda de de 2018 Asdo.:"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ás bases anteriormente transcritas.

4.2.- Bases de axuda para libros de texto e material escolar para o curso 2018/2019.

Vista a proposta da concelleira de Bemestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, Mª Pilar Peón Iglesias, que literalmente dí:

"NORMAS QUE REXERÁN AS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2018-19

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases, convocar as axudas do Concello de Silleda destinadas a completar o 100% do gasto de adquisición de libros de texto e material escolar de educación primaria e educación secundaria obrigatoria en centros públicos, no curso escolar 2018/2019, para as familias que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en desemprego.

2.- GASTOS SUBVENCINABLES

Libros de texto e material escolar, fixado polo centro educativo, para o alumnado de centros públicos matriculados en educación primaria e educación secundaria obligatoria

3.- DESTINATARIOS

Unidades familiares con todos os seus membros en situación de desemprego, Familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, e Vítimas de violencia de xénero, con menores a cargo, escolarizados en centros de ensino públicos do termo municipal de Silleda, que vaian cursar estudos de ensinanza primaria ou secundaria obrigatoria, no curso 2017-18

4.- PARA TER ACCESO ÁS AXUDAS

Atoparse en algún dos seguintes supostos:

a)Familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, (numerosas, monoparentais, con persoas maiores ao cargo, con persoas con discapacidade ao cargo, con persoas dependentes ao cargo, acolledoras)

b)Vítimas de violencia de xénero.

c)Familias con todos os seus membros en situación de desemprego no momento de realizar a solicitude.

Cumprir os seguintes requisitos:

d)Ser pai, nai ou titor/a legal do alumno/a matriculado/a en educación primaria, ou en educación secundaria obrigatoria

e)Estar empadroado/a e residir de xeito efectivo no Concello de Silleda e convivir cos menores para os que solicita a axuda.

f)Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda teña a matrícula nalgún centro escolar público do Concello de Silleda, durante o curso escolar 2018-19

Ter concedida a axuda de acordo coa ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/19

g)Ter presentada declaración da renda do exercicio 2017, no caso de non estar obrigado a presentación, certificado expedido pola axencia tributaria de que non consta presentada a declaración do IRPF para o ano 2017

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, segundo modelo Anexo I, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Silleda en horario de 9:00 a 14:00.

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días dende o día seguinte á publicación destas bases no sitio web do Concello de Silleda, www.silleda.es

5.- CONTÍA DAS AXUDAS

As achegas concederanse, por alumno/a, para complementar, a diferenza da axuda concedida pola Xunta de Galicia, ao abeiro da ORDE do 9 de maio DOG núm. 95, do 21 de maio de 2018, ata o importe máximo do custo dos libros de texto ou do material escolar.

Terán preferencia na concesión destas axudas locais, as solicitudes coas rendas per cápita mais baixas, atendéndose ata o total máximo da dispoñibilidade de crédito orzamentario.

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2017 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2017, sumaranse a base impoñible xeral e a base impoñible do aforro; cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar

Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.
2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
3. Non terá a consideración de membro computable:
a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no punto anterior desta convocatoria, achegarase un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar

6.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

a)As persoas que desexen optar ás axudas deberán presentar as solicitudes segundo o Anexo I. As instancias poderán obterse nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Silleda ou tamén descargarse do sitio web do concello no enderezo electrónico www.silleda.es

b)Xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

-copia do vale concedido pola Xunta de Galicia

-Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflicta a situación en 31 de decembro de 2016, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
2º. Volante de convivencia.
3º. Informe dos servizos sociais do Concello

-copia Renda da unidade familiar correspondente ao exercicio 2017

-No caso de non ter presentada declaración da renda 2017 acreditación dos ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar

-Copia do DNI do solicitante

-Copia da demanda de emprego en vigor

-Documentación acreditativa da situación de familia que mereza protección especial.

7. – TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

.

Dende o departamento de Benestar emitirase a proposta da resolución provisional e correspóndelle ao órgano competente a resolución definitiva.

8.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas beneficiarias das axudas as seguintes:
- Realizar o gasto de acordo coa finalidade para a que se lle concedeu a axuda económica.

8.- DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase un crédito na aplicación orzamentaria 326-48 cunha contía de 20.000 euros, este importe poderá verse incrementado no caso de que non se esgote a antedita partida dos vixentes orzamentos do Concello de Silleda.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECICAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2018-2019

DATOS DA/O SOLICITANTE (pai, nai ou titor/a):
NOME E APELIDOS
DNI *ENDEREZO*
Nº *PISO* *LOCALIDADE*
Nº TELÉFONO E CORREO-E
FILLA/O PARA O QUE SOLICITA A AXUDA
NOME E APELIDOS
IDADE *CURSO* *CENTRO*
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

□Copia do vale concedido pola Xunta de Galicia

□Xustificante de compra, da librería, onde aparezan os libros e/ou material adquirido

□Copia do libro de familia

□Copia do DNI do solicitante

□Renda da unidade familiar 2017

□ Acreditación dos ingresos netos de todos os membros da unidade familiar (só no caso de non ter presentada declaración 2017)

□Documentación acreditativa da situación de familia que mereza protección especial.(monoparental, numerosa, con dependentes a cargo, demandante de emprego, vítimas de violencia de xénero …)

□Volante de convivencia

Silleda de de 2018 Asdo.:"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ás bases anteriormente transcritas.

5º.- <u>URBANISMO Licencias de Obras, Aperturas e Cambios Titularidade</u>.

5.1.- Expte. 1105/2018. Explotación vacún de leite en Laxe-Oleiros (Silleda). Ganadería Presas y Alamancos, S.C.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Gandería Presas y Alamancos, S.C., Rexistro de Entrada 2018-E-RE-48 de data 27 de abril de 2018, para explotación vacún de leite, no lugar de Laxe, parroquia de Oleiros (Silleda).

Visto o informe emitido o 26 de xullo de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante	*GANADERÍA PRESAS Y ALAMANCOS SC*		
Data de rexistro	*27.ABR.2018*	*Nº 2018-E-RE-48*	*Expediente 1105/2018*
Solicitude	*Explotación Vacún de Leite*		
Emprazamento	*Laxe, Oleiros*		
Referencia catastral	*36052A077001510000KK ,*		
	36052A077001560000KJ,		
	36052A077001570000KE,		
	36052A077001650000KW		*Coordenadas UTM 29 ETRS89:*
Parcela rexistral	*n/d*		*X: 563894.40 Y: 4720830.51*
Clase de solo	*Solo rústico*	*Superficie construída: 1.100 m2*	
Autor do Proxecto	*Óscar Javier Pose Andrade, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1430*		
Proxecto Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 13/06/2018, nº 20180444			
Dirección de Obra	*n/d*		
Oficio de Dirección			
Dirección de Execución	*n/d*		
Oficio Direc. Execución			
Orzamento (P.E.M.)	*232.980,00* **€**	*P.E.M. segundo Mbc ano 2010: Orzamento Mbc* **€**	

<u>NORMATIVA DE APLICACIÓN:</u>
1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
10 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
11 Planeamento do Concello de Silleda
11.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

11.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
11.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
11.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
11.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
11.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
11.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
11.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
11.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
11.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
11.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
11.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
11.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
12 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítese informe técnico sobre o expediente 1105/2018, de solicitude de licenza asinada por GANADERÍA PRESAS Y ALAMANCOS SC, presentada con R.E. 2018-E-RE-48 de 27.ABR.2018. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Óscar Javier Pose Andrade, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1430 e xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas1 durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licencia municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Explotación Vacún de Leite, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	*CUMPRE*
Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade	*SI*

e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. *Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.*	
b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.	*SI*
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:	
- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.	*SI*
- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.	*SI*
- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.	*SI*
- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. *Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.*	*SI*
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación: *- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).* *- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.* *- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.* *Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.* *- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.* *- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.* *- As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.* *- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.*	*SI*
f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.	*Non procede*

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. *A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.* *Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.*	*SI*[2]
Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	*CUMPRE*
As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes:As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	*SI*
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	*35.1.h)*
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	*SI*
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	*SI*
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	*SI*
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	*Non procede*
Artigo 106. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. *Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).*	*N/d*
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	*SI*

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está sometida do procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Consta no expediente declaración de incidencia ambiental asinada o 20 de xullo de 2018.

8. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	*Proxectado*	*Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO*	*Cumpre*
Superficie de parcela	*4.205*	*2000*	*SI*

Altura de cornixa	*5,10 m*	*7,00 m*	*SI*
Ocupación máxima	*33,48%*	*20%* *(explotacións 60%)*	*SI*
Superficie ocupada en planta	*1100*		*SI*
Número máximo de plantas	*B*	*B+1*	*SI*
Recuamento a lindeiros	*>5m*	*5 m*	*SI*
Separación a vía pública	*>4m*	*4 m*	*SI*
Acceso rodado	*SI*	*SI*	*SI*

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o abastecemento de auga, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

12. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico de especial protección agropecuaria, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

13. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

> *13.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.*
>
> > *13.1.1 Consta no expediente Declaración de incidencia ambiental asinada o 20 de xullo de 2018 (verificación: https://sede.xunta.gal/cve?idcve=yubWSjpQv8)*

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Explotación Vacún de Leite solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

> *c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.*
>
> *d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*
>
> *e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*

Por outra banda, de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente".

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
3. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a GANADERÍA PRESAS Y ALAMANCOS, S.C. para Explotación Vacún de Leite, no lugar de Laxe, parroquia de Oleiros (Silleda), parcelas con referencia catastral 36052A077001510000KK, 36052A077001560000KJ, 36052A077001570000KE, 36052A077001650000KW, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1.- Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2.- Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
3.- Folla de edificación e estatística cumprimentada.
4.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construccións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.
a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base impoñible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00		60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base impoñible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
232.980,00	232.980,00	2,25 %	5.242,05		5242,05

Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fín á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuizo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da *notificación* debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

5.2.- Expte. 1437/2018. Legalización e ampliación de Explotación vacún de leite en Arcos-Grava (Silleda). María José Costoya Filloy.

Vista a solicitude de licenza, presentada por María José Costoya Filloy, Rexistro de Entrada 2018-E-RC-2484 de data 07 de maio de 2018, para legalización e ampliación de explotación vacún de leite, no lugar de Arcos, s/n, parroquia de Grava (Silleda).

Visto o informe emitido o 06 de agosto de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte

"Emítese informe técnico sobre o "Anejo I a Proxecto de legalización e ampliación de explotación de vacún de leite", aportada pola promotora o06.XUÑ.2018, que modifica ao expediente que tivo licenza en xunta de goberno local de 14 de xuño de 2016.

Solicitante	*María José Costoya Filloy*		
Data de rexistro	*07.MAI.2018*	*Nº 2018-E-RC-2484*	*Expediente 1437/2018*
Solicitude	*Legalización e ampliación de explotación de vacún de leite*		
Emprazamento	*Lugar Arcos, s/nº, Grava*		

Referencia catastral 36052B501005550000AR *Coordenadas UTM 29 ETRS89:*
Parcela rexistral n/d *X: 558216 Y: 4725730*
Clase de solo Solo rústico *Superficie construída: 2.983,16 m2*
Autor do Proxecto Óscar J. Pose Andrade, enxeñeiro técnico agrícola col. 1430
Proxecto De Legalización Visado polo Colexio Oficial 14/05/2018, nº 20160055
Orzamento (P.E.M.) 119.988,86 **€** *P.E.M. segundo Mbc ano 2010:* **€**

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
10 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
11 Planeamento do Concello de Silleda
11.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
11.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
11.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
11.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
11.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
11.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
11.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
11.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
11.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
11.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
11.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
11.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
11.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
12 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. A modificación que este anejo I supón sobre a licenza orixinariamente concedida son é a reducción da foxa de xurro, que pasa de ter 240 m2 a ter segundo este anexo 120 m2. Por este motivo, a solicitude proposta cumpre cós parámetros urbanísticos establecidos na normativa vixente.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Legalización e ampliación de explotación de vacún de leite solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

> *c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.*
> *d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.*

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Por outra banda, de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente".

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- **CONCEDER** a María José Costoya Filloy, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de legalización e ampliación de explotación vacún de leite, no lugar de Arcos, s/n, parroquia de Grava (Silleda), parcela con referencia catastral 36052B501005550000AR, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada
3.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 08 de agosto de 2018

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga

Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21
Rúa do Trasdeza, n.º 55
36,540 Silleda - Pontevedra